

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente

Bases reguladoras das axudas de apoio ao emprendemento a través do financiamento das cotas sociais de persoas autónomas (PEL-autónomos/as 2022)

ANUNCIO

Mediante Resolución de Presidencia n.º 2022/15192, do 24 de marzo de 2022, aprobáronse as bases reguladoras das Axudas de apoio ao emprendemento a través do financiamento das cotas sociais de persoas autónomas (PE.-AUTÓNOMOS/AS 2022) que se transcriben a continuación:

BASES REGULADORAS DAS AXUDAS DE APOIO AO EMPRENDEMENTO A TRAVÉS DO FINANCIAMENTO DAS COTAS SOCIAIS DE PERSOAS AUTÓNOMAS (PE.-AUTÓNOMOS/AS 2022)

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS PE.-AUTÓNOMOS ANO 2022

UNIDADE XESTORA	Servizo de Desenvolvemento Territorial e Transición ecolóxica
ANUALIDADE	2022
PROGRAMA	Plan de Empleo Local (PEL): Axudas destinadas á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial
LIÑA	Liña 2.7 PE.-Autónom@s: Axudas de apoio ao emprendemento a través do financiamento das cotas sociais de persoas autónomas
OBXECTO	Axudas para sufragar parte das cotas sociais de persoas autónomas
BENEFICIARIOS	Persoas autónomas que desenvolvan unha actividade con ánimo de lucro e teñan o seu domicilio fiscal nun concello de menos de 20.000 habitantes da provincia da Coruña e unha antigüidade máxima de 5 anos.
APLICACIÓN ORZAMENTARIA	0520/24100/479
IMPORTE DA CONVOCATORIA	Importe total 1.000.000,00 €
IMPORTE DO ORZAMENTO DE GASTO	
IMPORTE DA SUBVENCIÓN A CON-CEDER	Máximo: 2.400,00 € Mínimo: 1.200,00 €
IMPORTE MÁXIMO A SOLICITAR	200 euros/mes por cota subvencionable
COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO	

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

1.-BASES XERAIS DIRIXIDAS A ENTIDADES CON ANIMO DE LUCRO

Base 1.-Réxime xurídico

Para todo o non previsto nestas bases será de aplicación a normativa seguinte:

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación provincial da Coruña.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

- Ordenanza xeral de administración electrónica da Deputación da Coruña do 6 de novembro do 2015.
- Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña do 15 de setembro de 2017.
- Bases de execución do orzamento da Deputación da Coruña, vixentes no momento da concesión.
- Regulamento (UE) n.º 1407/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro).
- Regulamento (UE) n.º 1408/2013, da Comisión, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352, do 24 de decembro).
- Regulamento (UE) 2019/316 da Comisión do 21 de febreiro de 2019 polo que se modifica o Regulamento (UE) ou 1408/2013 relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola.
- Regulamento (UE) n.º 717/2014, da Comisión, do 27 de xuño, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28 de xuño).
- Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Base 2.-Tramitación

2.1. Tramitación telemática.

Polo que se refire ao tipo de tramitación, esta realizarase de maneira telemática (a través da plataforma SUBTeL).

A tramitación telemática aplicarase a todas as fases do procedemento: solicitude, concesión, xustificación, desistencia e renuncia, incluíndo en cada unha delas as notificacións e as comunicacións, os requirimentos de información e emenda de deficiencias, así como os envíos de documentación que sexan necesarios para tramitar os expedientes.

A entidade deberá dispoñer dun único enderezo de correo electrónico de contacto durante toda a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións. Excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando lle notifique a circunstancia pertinente á Deputación.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non cubran nos cuestionarios telemáticos os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

2.2. Sinatura de documentación.

A documentación deberá ser asinada, tanto certificacións como declaracións, como se indica:

- No caso das persoas físicas, pola persoa autónoma ou ben polo seu representante legal autorizado/a.
- No caso das persoas xurídicas, polo/a administrador/a ou representante legal autorizado/a.

Base 3.-Obxecto, forma, prazo e documentación da solicitude

3.1. Obxecto da solicitude.

O obxecto das solicitudes PE.-Autónom@s é apoiar o emprendemento autónomo e o traballo por conta propia nos concellos da provincia de A Coruña de menos de 20.000 habitantes.

3.2. Forma.

As entidades interesadas en participar en cada unha das convocatorias deberán presentar unha solicitude por liña de axuda, a través do apartado correspondente á convocatoria da plataforma telemática Subtel (na páxina web <https://sede.dacoruna.gal/subtel/>) cumprimentando os campos da solicitude e presentando toda a información solicitada, téndose por non presentadas as rexistradas fóra da plataforma Subtel.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento.

Non se admitirá máis dunha solicitude por entidade en cada convocatoria, salvo as excepcións previstas nas bases específicas.

Considérase unha soa entidade, todas aquelas nas que as persoas socias, administradoras ou directivas sexan comúns nunha porcentaxe superior ao 50% en dúas ou máis entidades, nos termos establecidos na Lei xeral de subvencións e nas súas normas de desenvolvemento, así como as que puidesen encaixar no concepto de grupo nos termos dispostos no Código de Comercio.

No caso de presentación de varias solicitudes nunha mesma convocatoria, só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.

Non axustarse aos termos desta convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información será causa de desestimación da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3.3. Prazo de presentación.

O prazo xeral para a presentación das solicitudes das axudas establecidas neste programa comezará o día seguinte ao da publicación do extracto de convocatoria e finalizará consonte o previsto no artigo 29 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que dispón que o prazo de presentación de solicitudes en ningún caso será inferior a un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación.

3.4. Documentación a presentar.

No momento da solicitude, as entidades deberán presentar na plataforma telemática SUBTeL a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos en data anterior á publicación de cada convocatoria, así como a documentación pertinente, que se recolle no punto 3.-Anexo Documentación no capítulo correspondente á solicitude da axuda.

No caso de que a Unidade Xestora, detecte calquera deficiencia referida á solicitude ou documentación achegada, realizará requirimento ao solicitante, para que a emende a través da plataforma Subtel, dispoñendo dun prazo de 10 días naturais para aceptar a notificación e 10 días hábiles desde a esta aceptación para a corrección das deficiencias requiridas. No caso de que o/a solicitante non emende neste prazo, teráselle por desistido da súa solicitude.

Base 4.-Compromisos e obrigas

Os/as beneficiarios/as da presente convocatoria deberán cumprir, os seguintes compromisos e obrigas:

- Cumprir con todos os requisitos indicados nestas bases e manter a mesma forma xurídica da entidade solicitante dende a data de publicación da convocatoria da axuda e ata a finalización do período subvencionado.
- Declarar no momento de presentación da solicitude que non presenta máis dunha solicitude por persoa física (autónomo/a) na mesma convocatoria.
- Non estar en ningunha das prohibicións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social e Deputación da Coruña e autorizar á Deputación para obter as certificacións acreditativas de tal circunstancia.
- Cumprir coa normativa de minimis e declarar o importe das axudas concedidas nos últimos 3 anos..
- Declarar a obtención de subvencións ou axudas procedentes doutras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
- Comunicar de inmediato a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTeL calquera modificación que puidese afectar a algún dos datos recollidos na solicitude inicial realizada, para a valoración do caso por parte da Unidade Xestora da axuda.
- Empregar a subvención outorgada para o mesmo fin para o cal foi concedida, axustándose aos termos das bases xerais e específicas de cada convocatoria e de conformidade coa lexislación vixente.
- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo con a lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Utilizaren, con carácter xeral, unha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.
- No caso de que algunha das actividades que execute a/o solicitante implique o contacto habitual con menores, deberá comprobar que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación

sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. (De acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuíamento civil).

- Facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixeren das actividades ou investimentos subvencionados, así como na súa páxina web.

Na parte específica do programa concrétnanse os medios para o cumprimento da obriga de dar publicidade á achega provincial.

- Non se subvencionarán solicitudes que exclúan a lingua galega. Os proxectos subvencionados deberán ter como lingua vehicular de desenvolvemento a lingua galega, así como tamén o será dos soportes divulgativos das actividades (web, redes sociais, cartellaría, folletos e equivalentes) e de calquera outro aspecto vinculado, sen que iso exclúa a posibilidade de utilizaren tamén outras linguas.
- Xustificar o cumprimento dos obxectivos, requisitos, condicións e da finalidade suxeita á subvención, someténdose ás actuacións de comprobación e control, que poderá efectuar a Deputación da Coruña, así como outras comprobacións e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, internos ou externos, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Así mesmo, as entidades beneficiarias das subvencións teñen a obriga de conservaren os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de catro anos, que se han contar dende a data da percepción ou cobramento da subvención, en tanto que poderán ser obxecto das correspondentes actividades de control.

- Autorizar á Deputación a consultar os datos fiscais relacionados coa súa actividade empresarial.

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar lugar á extinción do dereito ao seu goce ou á modificación da resolución de concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ao previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións así como cantas responsabilidades de todo orde poidan derivarse.

Base 5.-Procedemento de concesión e aprobación

O procedemento de concesión das subvencións recollidas nestas bases tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Aos efectos desta lei, terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases reguladoras e nas súas posteriores convocatorias, e adxudicar, co límite fixado en cada unha dentro do crédito dispoñible, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Logo de que o servizo de Desenvolvemento territorial e Transición ecolóxica, co carácter de órgano instructor do procedemento de concesión, teña determinado as solicitudes recibidas e, se é o caso emendadas, que reúnen todos os requisitos regulados nestas bases, someteraas a un comité técnico de valoración, designado polo órgano competente e composto por un mínimo de tres persoas expertas ou de recoñecido prestixio profesional sobre a materia, que deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude, aplicando os criterios establecidos en cada convocatoria específica segundo o previsto no apartado anterior. As funcións de secretaría dos comités técnicos serán realizadas por persoal funcionario do servizo correspondente, con voz, pero sen voto.

En función dos puntos asignados, e dentro do límite máximo do crédito dispoñible, a xefatura do servizo instructor realizará proposta motivada, na que expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de cada subvención e a súa contía, así coma as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.

Nas súas propostas de resolución, e por motivos argumentados baseados na insuficiencia orzamentaria, a unidade xestora poderá deixar fora da concesión aquelas solicitudes que figuren no tramo de puntuación máis baixa.

No caso de producirse empate na puntuación mínima para obter a/s subvención/s, atenderase á data e hora de presentación das solicitudes empatadas, primando aquelas que se presentasen con anterioridade e atendendo ao crédito dispoñible.

Exceptúase a obriga de facer a valoración e asignación de puntos de cada solicitude cando o crédito consignado sexa suficiente para atender a todas as solicitudes que reúnan os requisitos polo importe solicitado.

As resolucións de concesión serán definitivas. A Presidencia da Deputación ditará resolucións de concesión definitivas, que e deberán ser notificada aos/ás interesados/as mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia e deberán conter a relación dos/as solicitantes aos/ás que se lles concede a/s subvención/s e a desestimación expresa das restantes solicitudes.

Base 6.–Prazo de resolución e notificación

O prazo máximo para resolver será de 9 meses a contar desde o día de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, de acordo co artigo 23.4 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As resolucións conterán a relación de solicitudes ás que se lles concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes. Notificaráselle aos interesados segundo o previsto no artigo 40 da Lei 39/2015 e publicarase no BOP segundo o regulado no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015 por ser un acto integrante dun procedemento de concorrencia competitiva. Ademais publicaranse na páxina web da Deputación da Coruña (<https://www.dacoruna.gal/portada/>).

Base 7.–Desistencia da solicitude ou renuncia á subvención

7.1. Antes da concesión/desistencia da solicitude.

Unha vez presentada a solicitude e antes da concesión, as persoas ou entidades solicitantes, poderán desistir da súa petición. A desistencia realizarase por escrito mediante a presentación do modelo correspondente que estará dispoñible na plataforma SUBTeL.

7.2. Despois da concesión/Renuncia á subvención.

Unha vez publicada a resolución definitiva de concesión da subvención polo órgano competente, as entidades beneficiarias poderán renunciar á subvención por circunstancias excepcionais debidamente xustificadas axustándose ao modelo que estará dispoñible na plataforma SUBTeL.

Base 8.–Publicidade das subvencións concedidas

A Deputación Provincial da Coruña publicará as subvencións concedidas na Base de Datos Nacional de Subvenciones.

A Deputación entenderá cumprida a obriga de dispor dun Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, ao que se refire a disposición adicional sexta da Lei de subvencións de Galicia, mediante a publicación na Base de datos nacional de subvencións da información prevista no artigo 20 da Lei 38/2003.

Base 9.–Xustificación e pago

9.1. Prazo de xustificación.

Segundo o indicado nas bases específicas.

9.2. Documentación.

A indicada no punto 3.–Anexo Documentación na parte correspondente á xustificación da subvención.

9.3. Tramitación da xustificación.

Unha vez recibida a documentación, a unidade xestora comprobará a correcta xustificación da/s subvención/s.

No caso de ser correcta/s, será/n emitido/s informe/s proposta de aprobación da/s xustificación/s presentada/s.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de 10 días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a entidade interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste do seu pedimento, ditándose a/s resolución/s de perda do dereito ao cobro, que será/n notificada/s á entidade beneficiaria.

A Deputación da Coruña poderá requirirle á entidade beneficiaria a documentación que estime pertinente para os efectos de comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

Neste proceso de control, a Deputación poderá efectuar comprobacións materiais encamiñadas á verificación da realización efectiva das actividades ou investimentos subvencionados, mediante a visita ás entidades por parte de funcionarios provinciais, de acordo co disposto nos artigos 32 e 33 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

Completada a documentación e emitido o/s informe/.–proposta favorable ao pagamento, o/s expediente/s será/n remitido/s ao órgano interventor, para o efecto de que se emita o/s preceptivo/s informe/s de fiscalización previo/s á aprobación da xustificación e pagamento.

Producirase o reintegro ou a perda do dereito ao cobro total ou parcial da/s subvención/s no suposto de:

- Falta de xustificación.
- Falta de achega da documentación requirida.
- Demais causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

9.4. Consideracións xerais.

- As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán en cada expediente de solicitude.
- En todo caso o importe da/s subvención/s a aboar non pode ser de tal contía que, en concorrencia con outras subvencións ou axudas de administracións públicas ou de entidades privadas máis os ingresos derivados da actividade ou investimento superen o custo da dita actividade ou investimento.
- Para a valoración do cumprimento da finalidade básica da/s subvención/s, terase en conta o que se dispoña na parte específica da axuda.

- **Formas de pago dos gastos subvencionables:**

A persoa beneficiaria deberá pagar os provedores de bens e servizos, así como as persoas traballadoras, mediante transferencia bancaria, cheque nominativo, cargo, ingreso en conta ou calquera outra modalidade de pago bancario, sempre que en todo caso quede identificada a persoa ordenante (perceptora da subvención), a persoa beneficiaria (provedora do ben, servizo ou persoa traballadora), o concepto, o importe e a data de pago. Non se admiten os pagos en efectivo.

- Gastos subvencionables: as bases específicas destas convocatorias detallan as contas e a descrición dos gastos que se consideran subvencionables nas mesmas.

9.5. Pago.

O pago de cada subvención farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos indicados nas bases reguladoras de cada liña e realizárase, con carácter xeral, nun pago único, salvo as excepcións que poidan regular as bases específicas.

Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro.

Emitida resolución de pago, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada pola persoa beneficiaria no modelo establecido con carácter xeral para todos os pagamentos pola Deputación.

No caso de non atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Facenda Pública, Seguridade Social, e Deputación da Coruña, e de que teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, advertirase á entidade beneficiaria de que non se procederá ao pagamento e concederáselle un prazo dun mes para xustificar que ten regularizada a súa situación. De non achegar xustificación no indicado prazo declararase a perda do dereito á subvención outorgada.

Base 10.-Incumplimentos e sancións

O incumplimento dos prazos na presentación das solicitudes de axuda ou da emenda da documentación correspondente se procedese, suporá a exclusión do proceso de valoración para o outorgamento da subvención.

Se unha vez transcorrido o prazo de xustificación sinalado na parte específica destas bases sen que a entidade presentase a documentación xustificativa, a unidade xestora requirirá para que a presente no prazo improrrogable de 15 días desde a notificación, advertíndolle que, noutro caso, perderá o dereito ao cobro, sen prexuízo das responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

A presentación da documentación neste prazo excepcional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que lle corresponda segundo a gradación de sancións pecuniarias pola comisión de infraccións leves recollidas na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña vixente .

No caso de imposición de sancións e aceptada esta pola beneficiaria, aplicarase a compensación do importe da sanción mediante desconto no mandamento de pago.

Base 11.-Protección de datos persoais

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e

registros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentación/impreso.-oficiais>).

Base 12.–Outras disposicións

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedimentais e xurídicas de aplicación.

A participación na/s convocatoria/s supón a aceptación destas bases reguladoras.

2.–BASES ESPECÍFICAS

Liña 2.7. PE.–AUTÓNOM@S

Base 1.–Liñas xerais

O contido das presentes bases está enmarcado dentro do establecido no artigo 40 da Constitución Española, na Estratexia Anual de Crecemento Sostible de 2021 onde se encadra a elaboración dos plans nacionais de reforma e investimentos para optar ao Plan Europeo de Recuperación. Tamén se encadra nos obxectivos de crecemento e emprego da Unión Europea conforme á Estratexia Europea de Emprego, á Estratexia española de apoio ao emprego 202.–2024, que teñen como misión principal apoiar ás persoas e ás empresas na creación de emprego estable e de calidade procurando que ese emprego se manteña, e na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible promovendo o crecemento económico sostido e facilitando a adopción de medidas urxentes contra o cambio climático a través dos obxectivos de desenvolvemento sostible incluídos na Axenda.

A Deputación da Coruña, a través do Plan de Emprego Local (PEL), continúa amosando o seu apoio ao tecido empresarial da provincia, co obxectivo de acadar uns maiores niveis de desenvolvemento económico, de calidade no emprego, de benestar social e de cohesión do territorio. Estas axudas tratan de adoptar medidas que promovan un modelo de desenvolvemento económico que favoreza a capacidade creativa e emprendedora da provincia e sostemento dos negocios, como fonte de riqueza e como elemento esencial para o crecemento, a mellora da Competitividade e a modernización do tecido produtivo galego.

O Plan de Emprego Local constitúe unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia que ten como principal obxectivo fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible dos mesmos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural.

As axudas enmárcanse no Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña para o período 2022. Con elas a Deputación da Coruña quere facilitar tanto a posta en marcha de novos proxectos empresariais innovadores, así como apoiar aos xa existentes, co fin de estimular e impulsar a recuperación do tecido empresarial na provincia da Coruña, especialmente tras a negativa influencia socioeconómica da crise do coronavirus, fomentando o desenvolvemento equilibrado do territorio provincial e favorecendo a creación de emprego a través da creación de empresas por parte de novos emprendedores dentro do marco da Estratexia anual de Crecemento sostible da Unión Europea.

Co obxectivo de facer fronte ao actual contexto socio económico xerado pola COVI-19, estas axudas fomentarán especialmente aquelas actividades económicas pertencentes aos sectores que se consideran os máis afectados pola pandemia no Real Decret.–Lei 30/20, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego.

Coa finalidade de reforzar o apoio ás empresas da provincia enmarcada nos sectores estratéxicos emerxentes, se prioriza tamén aquelas iniciativas empresariais con actividades enmarcadas nos sectores recollidos na Axenda de Competitividade Galici.–Industria 4.0.

A nova realidade económica pon de manifesto que non só é importante dinamizar e tratar de que se poña en marcha o maior número de empresas posible, senón que tamén é preciso deseñar mecanismos necesarios para apoiar a supervivencia e o fortalecemento das empresas.

Base 2.–Financiamento

Estas axudas fináncianse con cargo ao Orzamento xeral da Deputación para o exercicio 2022 na aplicación orzamentaria 0520/24100/479 por unha contía total de 1.000.000,00 €.

Poderase ampliar a contía total para esta convocatoria. O incremento estará condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Base 3.–Obxecto e finalidade

O seu obxecto é regular as axudas para o ano 2022 da Liña 2.7 PE.–Autonom@s: Axudas para sufragar parte das cotas da seguridade social do ano 2022 de persoas autónomas nos meses que non reciben outras axudas/bonificacións/reducións ou calquera outras que supoñan unha redución das cotas correspondentes ó réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou como mutualista de colexio profesional concedidas por entidades ou organismos públicos ou privados.

A finalidade destas axudas é o fomento do emprendemento e o traballo por conta propia nos municipios da provincia da Coruña de menos de 20.000 habitantes poñendo en marcha mecanismos necesarios para a supervivencia e fortalecemento do tecido empresarial autónomo ante a nova realidade económica xurdida pola Covi.–19.

Base 4.–Destinatarios/as e requisitos

Estas axudas van dirixidas a persoas autónomas promotoras de iniciativas empresariais que con anterioridade á data de publicación da convocatoria da axuda desenvolvan unha actividade con ánimo de lucro e reúnan os seguintes requisitos:

1. Ter o domicilio fiscal nun concello da provincia da Coruña de poboación menor a 20.000 habitantes consonte os datos máis recentes dispoñibles do Instituto Galego de Estadística.

2. Estar dado de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social, ou como mutualista de colexio profesional, cunha antigüidade ininterrompida máxima de 5 anos anteriores á data de publicación da convocatoria destas axudas.

3. Ter unha antigüidade máxima de 5 anos de exercicio ininterrompido na actividade empresarial para a que solicita a axuda segundo a información recollida no certificado de situación censual da entidade.

A estes efectos, considérase que existe continuidade na mesma actividade económica cando entre o cese dunha actividade e o inicio da seguinte transcorra menos de 3 meses.

4. Non estar a recibir ningunha axuda por parte de ningunha entidade ou organismo público ou privado para sufragar as cotas sociais de autónomo para o período subvencionado que, como mínimo debe ser dun prazo de seis meses.

Base 5.–Exclusións da liña PE.–Autonom@s

Exclúense dos destinatarios destas axudas os/as autónomos/as colaboradores e os autónomos societarios, entendendo como autónomo societario, aqueles que están obrigados á alta no sistema especial de traballadores por conta allea, segundo o recollido no artigo 305 do TRLXSS, letras b), c), d) e e).

Base 6.–Gastos subvencionables

Terán a consideración de gastos subvencionables dentro desta liña, as cotas mensuais de autónomos e/ou mutualistas correspondentes ao ano 2022 que non teñan ningún tipo de axuda, subvención, bonificación ou calquera outro concepto similar consonte á base 8.–Compatibilidade/incompatibilidade destas bases específicas, por parte de ningunha entidade ou organismo público nin privado.

En todo caso non serán subvencionables as cotas inferiores a 200 € .

Conta	Descrición da conta
642	Seguridade Social a cargo da entidade
649	Outros gastos sociais

Base 7.–Contía e período subvencionable da liña PEL.–Autonom@s

A axuda consistirá nunha contía fixa de 200 € por cada mes nos que se cumpran os requisitos ata un máximo de 12 meses e un mínimo de 6 meses correspondentes ao período subvencionado 2022.

As persoas autónomas que cumpran os requisitos poderán solicitar unha cantidade máxima de 2.400 € equivalentes a 12 meses (12 meses * 200 €/mes = 2.400 €) e unha cantidade mínima de 1.200 € equivalentes a 6 meses (6 meses * 200 €/mes = 1.200 €).

Para o cómputo da contía subvencionable non se terán en conta os períodos inferiores a un mes.

Contía máxima a solicitar (no caso de solicitar as 12 cotas)	2.400 €
Contía mínima a solicitar (no caso de solicitar 6 cotas)	1.200 €
Contía variable (no caso de solicitar máis de 6 e menos de 12)	200 * número de meses non subvencionados/bonificados (máis de 6)

Base 8.–Compatibilidade/incompatibilidade

- Compatibilidade con outras axudas do PEL: as subvencións PEL son compatibles entre si.
- Compatibilidade con outras axudas da Deputación: As axudas PEL serán incompatibles con calquera outra axuda concedida por esta Deputación para o mesmo obxecto.
- Compatibilidade con outras axudas públicas ou privadas: Esta axuda será incompatible con calquera outra axuda pública ou privada para financiar os mesmos conceptos subvencionados por esta convocatoria.

Quedan comprendidas como axudas públicas ou privadas as bonificacións, tarifas planas, reducións e coeficientes correctores das bases de cotización, ceses de actividade ou calquera outras que supoñan que o beneficiario vexa reducida a súa achega por razón de cotas ao correspondente réxime especial da Seguridade Social ou pola súa condición de mutualismo, concedidas por entidades ou organismos públicos ou privados.

Base 9.–Concesión

O tipo de concesión destas axudas será o de concesión definitiva, segundo o regulado nas bases xerais destas axudas.

A Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión definitiva, que deberá ser notificada aos/as interesados/as mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia. As resolucións de concesión deberán conter a relación dos/as solicitantes aos/ás que se lles concede a subvención e a desestimación expresa das restantes solicitudes.

A resolución de concesión non poderá aprobarse con anterioridade a dar cumprimento completo ó establecido no artigo 8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e o artigo 5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Base 10.–Criterios de valoración da liña PE.–Autónom@s

A Unidade xestora recollerá a puntuación total de acordo cos seguintes criterios de valoración das solicitudes que cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

Para a puntuación de cada solicitude atenderase a un Chec.–List de valoración dispoñible en Subtel que marcará cada un dos/as solicitantes no momento de cubrir a solicitude.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DA LIÑA PE.–Autónom@s			
	CRITERIOS DE VALORACIÓN	ASPECTOS A VALORAR	PUNTUACIÓN MÁXIMA (30 puntos)
1	Poboación do municipio no que se atope o domicilio fiscal da empresa Datos de poboación segundo os últimos datos dispoñibles no Instituto Galego de Estatística (IGE) (Máximo 10 puntos)	Menor ou igual a 2.000 habitantes	10
		De 2.001 a 4.000 habitantes	7
		De 4.001 a 5.000 habitantes	4
		De 5.001 a 10.000 habitantes	2
		De 10.001 a 19.999 habitantes	1
2	Actividade económica do solicitante Teranse en conta as actividades económicas que consten de alta no Certificado de situación censual do solicitante Datos referidos á data de publicación da convocatoria. (Máximo 8 puntos)	Solicitantes de sectores estratéxicos, emerxentes e de alto potencial de Galicia (só aqueles indicados no Anexo 4 destas bases)	3
		Solicitantes con actividades económicas especialmente afectadas pola pandemia COVID 19 (So aquelas recollidas no Anexo 4 destas bases)	5
3	Non ter sido beneficiario/a na convocatoria PEL Autónom@s 2021 (Máximo 12 puntos)	O/a solicitante non foi beneficiario/a desta axuda na convocatoria PEL autónom@s 2021.	12

Base 11.–Prazo de xustificación e documentación xustificativa para o pago da liña PE.–Autónom@s

11.1. Prazo.

Segundo se establece na Aprobación definitiva da modificación da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña publicada no BOP n.º 50 que establece no seu artigo 25 que “Con carácter xeral, o prazo de xustificación non excederá de tres meses dende a finalización do período para realizar a actividade ou proxecto subvencionado”, o prazo para a xustificación da axuda PEL Autónom@s rematará o 31 de marzo de 2023.

11.2. Documentación xustificativa necesaria.

O/a beneficiario/a deberá presentar na plataforma SUBTeL, no apartado de Xustificación da súa solicitude, a documentación xustificativa específica da liña recollida na parte 3. Anexo documentación. A subvención concedida farase efectiva

tras a correcta presentación desta xustificación de gastos e unha vez acreditada a consecución dos obxectivos previstos na concesión.

Base 12.-Cumprimento da finalidade básica da axuda

- No caso de que se xustifique gasto por un importe igual ou superior á contía concedida, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique gasto por un importe inferior á contía concedida pero superior ao mínimo establecido de seis meses, aboarase a parte proporcional da subvención segundo os meses debidamente xustificadas.

Base 13.-Compromisos específicos da liña PE.-Autónom@s

As persoas ou entidades beneficiarias da liña PE.-Autónom@s, ademais dos compromisos sinalados na base 4.^a da Parte Xeral, deberán cumprir cos seguintes compromisos e obrigas:

- As persoas autónomas beneficiarias desta liña, deberán adquirir o compromiso de estar dado de alta e manter a actividade como mínimo ata o 31 de decembro de 2022 así como ter seis mensualidades obxecto de subvención dentro do período subvencionable (ano 2022),
- Comunicar a través da Plataforma de tramitación telemática SUBTeL calquera modificación que afecte á solicitude inicial realizada sen que en ningún caso implique cambio en ningún criterio valorable, nin aumento do importe concedido.

Base 14.-Publicidade

A publicidade do carácter público do financiamento público levarase a cabo das seguintes formas:

- **No centro de traballo**

Colocación dun cartel cun tamaño mínimo de 210 x 297mm en posición horizontal en cartón pluma plastificado ou similar, en lugar visible para o público no espazo de traballo ou, en caso de carecer deste, nun lugar relacionado coa actividade empresarial co logotipo da Deputación da Coruña e o do Plan de Emprego Local.

- **Na páxina web**

Debe figurar expresamente o logotipo da Deputación da Coruña e o do Plan de Emprego Local nun lugar preferente da páxina web da empresa, de existir esta.

O único logotipo válido é o que estará dispoñible na páxina web do Plan de Emprego Local (<https://emprego.dacoruna.gal/>).

Estas obrigas entenderanse como mínimo dende a data de concesión e durante todo o período subvencionado.

3.-ANEXO DOCUMENTACIÓN

SOLICITUDE	DOCUMENTACIÓN DA SOLICITUDE
	• Certificado de Situación Censal da Axencia Estatal Tributaria actualizado. • No caso de persoas autónomas, Certificado de Vida laboral do/a autónomo/a ou certificado da mutualidade correspondente onde conste a data de alta no RETA, ou alta na mutualidade • Declaración de mínimos • Autorización de representación para a presentación da solicitude no caso de non coincidir coa persoa solicitante (para as persoas físicas) ou co representante legal da entidade (para as persoas xurídicas).

XUSTIFICACIÓN	DOCUMENTACIÓN DA XUSTIFICACIÓN
	• Memoria xustificativa segundo o modelo dispoñible en Subtel. • Certificación de gastos • Modelo de designación de conta bancaria para incluír no Rexistro de terceiros para os efectos de domiciliación dos pagos na Deputación da Coruña. • Certificado acreditativo da titularidade da conta emitido (e asinado electronicamente) pola entidade bancaria correspondente. • Documentación gráfica da publicidade realizada e ligazón á web da entidade, no seu caso. • Informe de Bases e Cotas ingresadas emitido pola TXSS correspondentes aos gastos subvencionables. • Xustificantes bancarios acreditativos do pago de cada unha das cotas.

4.-ANEXO_ACTIVIDADES ECONÓMICAS EMERXENTES E AFECTADAS POLA COVI-19.

Sectores estratéxicos, emerxentes e de alto potencial de Galicia				
SECTOR	ACTIVIDADE	SECCIÓN	DIVISIÓN	GRUPO EPÍGRAFE
SERVIZOS AGRÍCOLAS, GANDEIROS, FORESTAIS E PESQUEIROS*	EMPRESARIAL	1	0	011 a 071
	EMPRESARIAL	1	9	911 a 912
	PROFESIONAL	2	0	012, 013, 021, 022, 023, 024 y 099
	*Estarán tamén incluídos neste sector aqueles solicitantes no que conste esta actividade de alta no Certificado de Situación Censual pero que conste como actividade NON ECONÓMICA.			
CONSTRUCCIÓN DE VEHÍCULOS AUTOMÓBILES	EMPRESARIAL	1	3	361.1 a 363.9
OUTRAS PRODUCCIÓN DE ENERXÍA	EMPRESARIAL	1	1	151.4
CONSTRUCCIÓN NAVAL, REPARACIÓN E MANTE- NIMENTO DE BUQUES	EMPRESARIAL	1	3	371.1 a 372.2
INDUSTRIAS DA PEDRA NATURAL e INDUSTRIA EXTRACTIVA	EMPRESARIAL	1	2	231.1 a 239.9 244.1 a 244.3
INDUSTRIA TÉXTIL	EMPRESARIAL	1	4	431.1 a 455.9
ARTES GRÁFICAS E EDICIÓN	EMPRESARIAL	1	4	474.1 a 476.9
	PROFESIONAL	2	3	322
	PROFESIONAL	2	7	751
INDUSTRIA DE PRODUTOS ALIMENTICIOS E BEBIDAS	EMPRESARIAL	1	4	411 a 428
TELECOMUNICACIÓNS E ACTIVIDADES INFOR- MÁTICAS	EMPRESARIAL	1	7	761.1 a 769.9
	EMPRESARIAL	1	8	843.1 a 843.9 (só servizos informáticos)
	PROFESIONAL	2	2	213, 222 e 225
	PROFESIONAL	2	7	761 a 765
INVESTIGACIÓN	EMPRESARIAL	1	9	936.1 a 936.9 991

Actividades económicas especialmente afectadas pola pandemia COVID 19				
SECTOR	ACTIVIDADE	SECCIÓN	DIVISIÓN	GRUPO EPÍGRAFE
COMERCIO, RESTAURACIÓN E HOSPEDAXE	EMPRESARIAL	1	6	612.1 a 687.4 (con exclusión dos seguintes epígrafes 641, 642, 643, 644, 645, 646, 647, 652.1 a 652.3; 652.4, para alimentación de mascotas; 653.9, 655.1 a 655.3; 659.2, en relación con máquinas de oficina e material informático para o desenvolvemento da actividade en oficinas; 659.4, so referido a periódicos, revistas e papelería; 659.9; 661.2 e 661.3; 662.1 e 662.2; 664.1 e 664.9; 665
	PROFESIONAL	2	5	511, 521 e 599
SERVIZOS RECREATIVOS CULTURAIS E ESPEC- TÁCULOS	EMPRESARIAL	1	9	961.1 a 963.4 965.1 a 965.4 966.1 a 969.1
	PROFESIONAL	2	8	851, 853 e 854
SANIDADE	EMPRESARIAL	1	9	942.2 y 944
	PROFESIONAL	2	8	836, 838 a 841 (excluídos óptico.-optometristas)
ACTIVIDADES ARTÍSTICAS	ARTÍSTICA	3		011 a 039
	PROFESIONAL	2	8	861, 862 e 887 (maquilladores e esteticistas)
DEPORTE	EMPRESARIAL	1	9	967.1 a 969.1, 969.5
	ARTÍSTICA	3		041 a 049
TRANSPORTE DE VIAXEIROS, MARÍTIMO E AÉREO	EMPRESARIAL	1	7	721.1 a 742.4 (con exclusión do 721. 4 transporte sa- nitario)
AXENCIAS DE VIAXES E TURISMO	EMPRESARIAL	1	7	755.1 e 755.2
	PROFESIONAL	2	8	882 a 883
ALUGUEIRO DE AUTOMÓBILES SEN CONDUTOR	EMPRESARIAL	1	8	854.1 a 856.1
SERVIZOS TÉXTILES E FOTOGRÁFICOS	EMPRESARIAL	1	9	971.2 a 971.3 e 973
SALÓNS DE PEITEADO E SALÓNS DE BELEZA	EMPRESARIAL	1	9	972

Esta táboa de actividades foi elaborada tomando como referencia as actividades económicas recollidas como sectores emerxentes e de alto potencial na Axenda de Competitividade Galici.-Industria 4.0, así como aquelas especialmente afectadas pola declaración do estado de alarma e as medidas adoptadas para a xestión da crise sanitaria e en defensa do emprego, pero adaptando as actividades a aquelas máis afectadas na provincia da Coruña.

Informes e normativa de referencia ao Anexo:

- Axenda de Competitividade Galici.-Industria 4.0.
- Real Decret.-lei 30/2020, de 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego.

- Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVI-19.
- Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo, polo que se modifica o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVI-19.
- Real Decreto-lei 10/2020, do 29 de marzo, polo que se regula un permiso retribuído recuperable para as persoas traballadoras por conta allea que non presten servizos esenciais, co fin de reducir a mobilidade da poboación no contexto da loita contra o COVI-19.
- Resolución de 12 marzo da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade pola que se fai público o acordo da Xunta de Galicia do 12 de marzo de 2020 polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVI-19. (DOGA n.º 4.-bis)
- Resolución de 13 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se da publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, de 13 de marzo de 2020, polo que se declara a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activa o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego), como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVI-19. (DOGA n.º 5.-Bis)
- Resolución de 21 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se da publicidade ao Acordo do Centro de Coordinación Operativa (Cecop), de 21 de marzo de 2020 (DOGA n.º 56).

BASES REGULADORAS DEL PROGRAMA DE AYUDAS PEL AUTÓNOMOS AÑO 2022

UNIDAD GESTORA	Servicio de Desarrollo Territorial y Transición ecológica
ANUALIDAD	2022
PROGRAMA	Plan de Empleo Local (PEL): Ayudas destinadas a la consolidación y al fortalecimiento del tejido empresarial
LÍNEA	Línea 2.7 PEL Autónom@s: Ayudas de apoyo al emprendimiento a través de la financiación de las cuotas sociales de personas autónomas
OBJETO	Ayudas para sufragar parte de las cuotas sociales de personas autónomas
BENEFICIARIOS	Personas autónomas que desarrollen una actividad con ánimo de lucro y tengan su domicilio fiscal en un ayuntamiento de menos de 20.000 habitantes de la provincia de A Coruña y una antigüedad máxima de 5 años
APLICACIÓN PRESUPUESTARIA	0520/24100/479
IMPORTE DE LA CONVOCATORIA	Importe total 1.000.000,00 €
IMPORTE DEL PRESUPUESTO DE GASTO	
IMPORTE DE LA SUBVENCIÓN A CONCEDER	Máximo: 2.400,00 € Mínimo: 1.200,00 €
IMPORTE MÁXIMO A SOLICITAR	200 euros/mes por cuota subvencionable
COEFICIENTE DE FINANCIACIÓN	

1.-BASES GENERALES DIRIGIDAS A ENTIDADES CON ANIMO DE LUCRO

Base 1.-Régimen Jurídico

Para todo lo no previsto en estas bases será de aplicación la normativa siguiente:

- Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia.
- Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de subvenciones
- Real Decreto 887/2006, do 21 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones.
- Ordenanza General de subvenciones y transferencias de la Diputación Provincial de a Coruña.
- Ley 39/2015, do 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas.
- Ley 40/2015, do 1 de octubre, de régimen jurídico del sector público.
- Ley 7/1985, do 2 de abril, reguladora de las bases de régimen local.

- Ley 5/1997, do 22 de julio, de Administración local de Galicia.
- Ley orgánica 3/2018, do 5 de diciembre, de protección de datos personales y garantía de derechos digitales.
- Ordenanza general de administración electrónica de la Diputación de A Coruña de 6 de noviembre de 2015.
- Ordenanza de uso de la lengua gallega en la Diputación de A Coruña de 15 de septiembre de 2017.
- Bases de ejecución del presupuesto de la Diputación de A Coruña, vigentes en el momento de la concesión.
- Reglamento (UE) n.º 1407/2013, de la Comisión, de 18 de diciembre, relativo a la aplicación de los artículos 107 y 108 del Tratado de funcionamiento de la Unión Europea a las ayudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de diciembre).
